

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Proceso de selección para a provisión en propiedade dunha praza vacante con código 02.01.01.02, de persoal Auxiliar de Axuda a Domicilio, pertencente ao grupo 5 do Convenio Colectivo do Concello de Ponteareas (no momento da publicación da Convocatoria da OPE 2018), e na actualidade encadrada no Grupo 3, subgrupo 3 do Convenio, mediante quenda libre, incluída na Oferta Pública de Emprego do ano 2018, publicada no DOG núm. 130, de 10 de xullo de 2019. Bases do proceso de selección publicadas no BOP de Pontevedra, núm. 96, de 20 de maio de 2022.

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E CONVOCATORIA DO SEGUNDO EXAME

O día 22/02/2023, ás 10:00 horas, en sesión telemática, reúnen os seguintes membros do tribunal de selección co obxecto de resolver as alegacións ao primeiro exercicio da fase de oposición:

Presidenta: D^a Elizabeth Mella Lorenzo

Secretario: Jorge Rial Martínez

Vogais:

D. Fernando José Benasach Torres

D^a. Laura Osorno Iglesias

Asesora: Lara Carrera Martínez

Dentro do prazo concedido, presentáronse as alegacións que se indican deseguido, xunto coa contestación das mesmas por parte do Tribunal de Selección.

Alegación presentada por María Susana Argüelles Lander (n.º de rexistro 2023-E-RE-839)

- Pregunta 22 do exame tipo test en segunda convocatoria. A interesada solicita a revisión da pregunta. Considera que a opción correcta é a d) “costas e nádegas”. O tribunal deu por correcta a opción b) “a rexión xenital” baseándose no contido dos seguintes manuais:



Manual de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais publicado polo sindicato UGT e polo Servizo Andaluz de Emprego. Neste manual (páxina 20 do módulo 2) establécese que no procedemento de aseo do paciente encamado, o lavado realizarase de arriba a abaixo e de limpo a sucio. Por regra xeral, a orde será: ollos, cara e orellas; pescozo e ombreiros, brazos e mans; axilas, tórax e mamas; abdome, pernas e pes; espalda; nádegas, e, **por último, a rexión xenital.**

A versión dixital do manual pode consultarse no seguinte enlace web:

http://www.formacionyempleo.ugt-andalucia.com/system/datas/34/original/Módulo_2.pdf?1302510171.

Manual de habilidades para cuidadores familiares de persoas maiores dependentes, publicado pola Sociedade Española de Xeriatria e Xerontoloxía (páxina 11), onde se establece que para realizar o baño na cama, **debe finalizarse o procedemento co aseo da zona xenital.**

A versión dixital do manual pode consultarse no seguinte enlace web:

https://www.segg.es/media/descargas/MANUAL_HABILIDADES_SEGG.pdf

A interesada achega copia dun Manual da Editorial Paraninfo (4ª edición), onde se recolle que a secuencia do aseo en cama que conleva menos cambios posturais é: cabelo, ollos, boca, nariz, orellas, pescozo, brazos, tórax, abdome, pernas, **zona xenital e costas.**

Á vista das contradicións entre o contido dos distintos manuais publicados, o Tribunal de Selección acorda, por unanimidade, estimar a alegación presentada, procedendo a anular a pregunta 22, que será substituída pola primeira pregunta de reserva.

Alegación presentada por Sofía Alonso Calzado (n.º de rexistro 2023-E-RC-1860)

- Pregunta 9 do exame tipo test en primeira convocatoria. A interesada alega que a pregunta non está ben plantexada ou que tería varias respostas correctas. Baséase no Manual Hixiene e atención sanitaria domiciliar da Editorial Ideas Propias. O Tribunal deu por correcta a opción d) “faise sempre na dirección dos xenitais externos cara a rexión anal”.

No manual ao que fai mención (páxina 142), noméase a cuña como un posible material a usar, o que non quere dicir que sexa imprescindible; polo tanto a opción a) “é necesaria unha cuña” non é correcta.

No referente a opción c) “realízase ao principio do procedemento”. Tal e como a interesada expón, no enunciado non se especifica si se trata dun aseo total ou parcial porque é unha información irrelevante para contestar a pregunta. Tampouco se especifica si se trata dunha persoa encamada ou non. En todo caso, se a única zona a asear fora a xenital, carecería totalmente de sentido considerar correcta a opción “realízase ao principio do procedemento”,



posto que non habería máis zonas que asear. Tanto no caso dun aseo parcial (que inclúa máis zonas que a rexión xenital) como no caso dun aseo total, a rexión xenital nunca se asearía ao principio do procedemento. Conclúese que a opción c) en ningún caso podería considerarse correcta.

Con respecto a opción d) “faise sempre na dirección dos xenitais externos cara a rexión anal”. Debe terse en conta que a resposta únicamente fai referencia a dirección que hai que seguir no aseo, non a súa secuencia. O Tribunal considera que o enunciado da pregunta, así como as posibles respostas non dan lugar a confusión. A opción correcta é a d). O aseo faise sempre na dirección dos xenitais externos cara á rexión anal co fin de evitar a contaminación da zona xenital e posibles infeccións.

O Tribunal acorda por unanimidade desestimar a alegación presentada.

Alegación presentada por Cecilia Rodríguez Outerelo (n.º de rexistro 2023-E-RE-867)

A interesada manifesta a súa desconformidade coa puntuación outorgada. Alega que contestou correctamente a 17 preguntas. Na plantilla do seu exame constan: 16 respostas correctas (14,56 puntos), 5 respostas incorrectas (restan 1,66 puntos) e 1 pregunta non contestada. A puntuación outorgada, 12,9 puntos, é correcta.

O Tribunal acorda por unanimidade desestimar a alegación presentada.

Alegación presentada por Zarina Doval Lins (n.º de rexistro 2023-E-RC-1909)

A interesada solicita unha aclaración con respecto a puntuación outorgada. Na plantilla do seu exame constan: 20 respostas correctas (18,2 puntos), 1 resposta incorrecta (resta 0,33 puntos) e 1 pregunta non contestada. Resultado: $18,2 - 0,33 = 17,87$ puntos. A puntuación outorgada é correcta.

Á vista do anterior, as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes que superan o 1º exercicio da fase de oposición, son as seguintes:

APELIDOS E NOME	CALIFICACIÓN
DOVAL LINS, ZARINA	17,87
ARGUELLES LANDER, MARIA SUSANA	13,23
RODRIGUEZ OUTERELO, CECILIA	12,9
GROBA FERNANDEZ, ROSA BLANCA	12,56
RODRIGUEZ FERNANDEZ, MONICA	12,56



VILLA COLLAZO, MARIA DEL CARMEN	11,99
PEREZ MARTINEZ, MARIA JOSE	11,32
BELLO BARCIA, ANABEL	10,08
ALONSO CALZADO, SOFIA	9,83 (NON APTA)
DOMINGUEZ NOVOA, PABLO	9,17 (NON APTO)
GROBA OUTERELO, JESUSA	9,17 (NON APTA)
MARTINEZ GONZALEZ, CARMEN	6,38 (NON APTA)

O Tribunal de Selección acorda convocar ás persoas que superaron o exame tipo test, para a realización do segundo exercicio da fase de oposición, que terá lugar o día **28 de febreiro** ás **16:00 horas** no **Centro de Desenvolvemento Local** de Pontearreas.

Enderezo: Lomba do Cruceiro, 5 – Ribadetea (Pontearreas)

Tal e como dispoñen as bases de selección, o segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de carácter práctico, consistirá en desenvolver unha ou varias cuestións prácticas ou realizar a tarefa ou tarefas que propoña o tribunal, relacionadas coas materias obxecto do temario establecido no anexo, e con respecto ás tarefas propias da praza convocada, no prazo de tempo que estableza o tribunal en función da natureza da proba.

O exercicio desenvolveráse de forma escrita e deberá ser lido obrigatoriamente, no mesmo día da súa realización, ante o tribunal, en sesión pública. O Tribunal poderá facer algunha pregunta á persoa opositora sobre a exposición ou solicitar as aclaracións que estime oportunas.

Este exercicio cualificarase de 0 a 6 puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de 3 puntos.

Sendo as 11:30 horas levántase a sesión.

O secretario do tribunal,

Jorge Rial Martínez

Documento asinado electrónicamente

